



Resolución do 27 de xaneiro da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se convoca o programa Lanzadeiras Lugo para o desenvolvemento de proxectos de miniempresas educativas en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade na provincia de Lugo durante o curso escolar 2020/2021.

O programa Lanzadeiras Lugo desenvólvese dentro do plan Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia, **eduemprende** que supón unha aposta clara e firme pola implantación na comunidade educativa nos niveis non universitarios da cultura emprendedora. O plan **eduemprende** constitúese como o marco onde coordinar as sinerxías en materia emprendedora que actúen sobre o sistema educativo, ordenando e planificando a súa aplicación. O obxectivo global deste plan é lograr un avance sensible na cultura do emprendemento no noso alumnado e propor instrumentos que permitan coñecer os logros alcanzados.

Para alcanzar este obxectivo o plan **eduemprende** incorpora un conxunto de actuacións estruturadas en catro eixos estratéxicos: sensibilización e motivación, capacitación emprendedora, fomento e apoio da empresariedade e coordinación e aproveitamento de iniciativas. O programa Lanzadeiras Lugo, atendendo aos seus obxectivos e características, abarcaría os dous primeiros eixes xa que desenvolve accións que fomentan a cultura emprendedora motivando e impulsando no alumnado habilidades para o emprendemento.

O espírito emprendedor é un dos motores principais da innovación, a competitividade e o crecemento da economía. Desde hai anos, observouse unha correlación positiva e sólida entre o fomento do espírito emprendedor e os resultados económicos en termos de crecemento, supervivencia de empresas, innovación, creación de emprego, cambio tecnolóxico e incremento da produtividade.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade quere impulsar iniciativas e proxectos innovadores que fomenten a educación emprendedora a través de proxectos que impliquen a colaboración dos equipos docentes, a dinamización da comunidade educativa e a conexión co entorno, todo isto potenciando as capacidades profesionais e persoais do alumnado.

Esta acción establécese dentro dun ámbito de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación Alcoa para promover o espírito emprendedor así como para favorecer o desenvolvemento das calidades persoais tales como a creatividade, a iniciativa, a asunción de riscos, a responsabilidade e a innovación.

De acordo co anteriormente exposto, esta Secretaría Xeral,

DISPÓN:

Artigo 1. Obxecto da convocatoria.

Esta resolución ten por obxecto convocar o programa Lanzadeiras Lugo dirixido á creación de miniempresas educativas en centros públicos de ensino non universitario dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade na provincia de Lugo durante o curso escolar 2020/2021.

O Programa Lanzadeiras Lugo desenvolverase previsiblemente ao longo do curso escolar 2020/2021, temporalización que, ao igual que a metodoloxía do programa, se adaptará tendo en conta a evolución da actual crise sanitaria ou calquera outra circunstancia sobrevida de forza maior.

Artigo 2. Destinatarios.

Alumnado de 6º de primaria, 1º, 2º, 3º e 4º de ESO, Bacharelato e Formación Profesional de centros educativos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da provincia de Lugo.

Artigo 3. Definición do programa.

O programa Lanzadeiras Lugo ten a finalidade de promover a innovación e o emprendemento en todas as etapas do sistema educativo co obxectivo de potenciar as competencias profesionais, sociais e persoais do alumnado. Trátase dun programa que busca un avance no desenvolvemento do espírito emprendedor no alumnado favorecendo a adquisición de hábitos e condutas emprendedoras.

Con este programa preténdese lograr os seguintes obxectivos:

1. Transmitir a cultura emprendedora ao alumnado da provincia de Lugo.
2. Concienciar ao alumnado da opción profesional “por conta propia”.
3. Proporcionar ao alumnado unha formación específica e práctica sobre como pór en marcha unha empresa.
4. Promover o desenvolvemento de calidades persoais relacionadas co espírito emprendedor.
5. Inculcar a cultura emprendedora desde as etapas iniciais da ensinanza.
6. Organizar actividades baseadas na aprendizaxe a través da práctica incidindo nas habilidades e destrezas do alumnado.
7. Fomentar activamente a creación de miniempresas educativas nos centros reproducindo de forma realista o funcionamento das empresas.
8. Sensibilizar á comunidade educativa da importancia de construír e fomentar unha nova cultura emprendedora.
9. Dar a coñecer á sociedade este tipo de actuacións.

O profesorado que participe no programa Lanzadeiras Lugo contará co apoio e asesoramento de persoas expertas.

Artigo 4. Candidaturas.

1. Os centros solicitantes presentarán unha solicitude por proxecto.
2. No caso de presentar máis dun proxecto, os centros enviarán unha solicitude por cada un deles.
3. Un docente do centro solicitante asumirá as funcións de coordinador do proxecto, co fin de asegurar o contacto e a comunicación regular entre os participantes, promover unha colaboración eficaz e facilitar a distribución e realización do traballo en equipo.

Artigo 5. Prazo de presentación.

1. As solicitudes para participar na presente convocatoria presentaranse no prazo de vinte días naturais a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade <http://www.edu.xunta.gal/fp>
2. Os centros participantes deberán enviar a súa solicitude, segundo o modelo que figura no Anexo I, xunto coa descrición do proxecto, ao seguinte enderezo: eduemprende@edu.xunta.gal. Indicarase no asunto Programa Lanzadeiras Lugo.
3. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase a listaxe de proxectos aprobados na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade: <http://www.edu.xunta.gal/fp/eduemprende-lanzadeiras>

Artigo 6. Documentación.

Para participar neste programa é necesario presentar a seguinte documentación:

1. Solicitude, segundo o modelo do Anexo I.
2. Descrición do proxecto seguindo os apartados establecidos no Anexo II. A extensión máxima será de 20 páxinas, en formato DIN A4, letra Arial tamaño 12 e interliñado sinxelo. Os proxectos deberán estar redactados en galego.

Artigo 7. Desenvolvemento do programa.

O programa Lanzadeiras Lugo desenvolverase atendendo ás seguintes fases:

1. Presentación de solicitudes segundo se recolle no artigo 4.
2. Comunicación e publicación dos proxectos aprobados nesta convocatoria.

3. Formación do profesorado implicado nos proxectos.
4. Asesoramento ao profesorado implicado nos proxectos durante toda a duración do proxecto.
5. Desenvolvemento do proxecto nos centros educativos dende a data de publicación dos proxectos aprobados.
6. Entrega de memorias ata o 15 de xuño de 2021.
7. Concurso miniempresas participantes no programa Lanzadeiras. Poderán presentarse a este Concurso todas as miniempresas participantes no proxecto miniempresas Lugo 2020/2021.

O concurso consiste en que cada miniempresas defina/describa/explice a súa creación. O proxecto de creación da miniempresa se presentará mediante unha redacción ou noutros formatos (diapositiva, póster, vídeo) podendo utilizarse tamén elementos gráficos (debuxo, fotografía, colaxe) para reforzar os contidos. No caso dos traballos en vídeo, o formato será MP4 ou MOV, cun tamaño máximo de 4 GB e unha duración que non deberá exceder os 5 minutos.

A presentación deberá detallar polo menos:

Nome comercial
Descrición da actividade da empresa
Organigrama
Sector de referencia
Localización
Organización
Beneficios para a contorna

8. Clausura do proxecto en xuño de 2021.

Artigo 8. Comisión de selección.

1. Unha vez pechado o prazo de solicitude de participación a comisión de selección avaliará os proxectos presentados segundo os criterios que figuran no artigo 9.
2. A Comisión de Selección estará integrada polos seguintes membros:
 - A persoa titular da Subdirección Xeral de Formación Profesional que actuará como presidente/a.
 - Xefe/a de servizo da Subdirección Xeral de Formación Profesional.

- Coordinador/a de emprendemento da rede de Centros Integrados de Formación Profesional.
- Unha persoa asesora da Subdirección Xeral de Formación Profesional que actuará como secretario/a con voz pero sen voto.

Artigo 9. Criterios de valoración.

Para a valoración dos proxectos teranse en conta os seguintes criterios ata un máximo de 10 puntos.

1. Carácter innovador do proxecto. (2 puntos)
2. Implicación de diferentes áreas, materias ou módulos. (2 puntos)
3. Planificación e viabilidade do proxecto. (2 puntos)
4. Plan de difusión. (2 puntos)
5. Plan de avaliación do cumprimento dos obxectivos establecidos no proxecto. (2 puntos)

Artigo 10. Dotación orzamentaria.

Os proxectos seleccionados serán obxecto de financiamento con cargo á achega da Fundación Alcoa. O orzamento do proxecto non superará os 2.000 euros.

O orzamento estará condicionado ao ingreso e xeración de crédito por parte da Fundación ALCOA.

Artigo 11. Resolución.

1. A comisión de selección, unha vez valorados os proxectos presentados, realizará unha proposta de resolución desta convocatoria, que elevará ao secretario xeral de Educación e Formación Profesional, quen ditará resolución.
2. A resolución de aprobación dos proxectos de miniempresas publicarse na páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/fp/eduemprende-lanzadeiras>

Artigo 12. Pagamento.

1. O importe da achega económica será transferido nun pago único ao centro educativo participante. Os proxectos seleccionados recibirán un aporte económico que poderá ser inferior ao orzamento presentado.
2. Os gastos teñen que imputarse na súa totalidade antes do 15 de xuño de 2021.

Artigo 13. Desenvolvemento e xustificación.

1. O desenvolvemento do proxecto deberá realizarse durante o curso académico 2020/2021.
2. O centro educativo participante remitirá á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (ata o 15 de xuño de 2021) a memoria final cos apartados que se indican no Anexo III.
3. A non entrega da memoria final do proxecto no prazo indicado poderá ser causa de revogación das cantidades asignadas, debendo proceder ao reintegro da cantidade percibida, sen prexuízo das responsabilidades que se lle poidan exixir.
4. As memorias enviaranse por correo electrónico ao seguinte enderezo: eduemprende@edu.xunta.gal. Indicarase no asunto Memoria Programa Lanzadeiras Lugo.

Artigo 14. Certificación.

Os proxectos presentados serán recoñecidos pola Administración Educativa como actividades de innovación educativa, cunha equivalencia de 30 horas de formación permanente do profesorado para o profesorado coordinador e 20 horas para o profesorado colaborador.

Artigo 15. Compromisos dos centros educativos seleccionados coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

1. Os centros participantes comprométese a colaborar nas accións de difusión e publicación das experiencias que se organicen, así como a cesión a favor da Consellería de Cultura, Educación e Universidade dos dereitos de edición e difusión.
2. O seguimento dos proxectos poderá incluír visitas aos centros polo persoal que determine a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

ANEXO I

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN LANZADEIRAS LUGO

DATOS DO CENTRO EDUCATIVO				
Nome do centro		Código do centro		CIF
Enderezo		C.P	Localidade	Concello
Teléfono		Fax		Enderezo electrónico
Profesor/a coordinador/a		Teléfono de contacto		Enderezo electrónico de contacto
Número de alumnos/as participantes		Curso		Áreas/materias/módulos
Profesor/a colaborador/a				
Sinatura do director/a do centro solicitante			Sinatura da persoa coordinadora	
Lugar e data				

ANEXO I (continuación)

Información básica sobre protección de datos persoais e dereitos dixitais

Responsable do tratamento.	Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
Finalidades do tratamento	Xestionar o presente procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven, e informar sobre o seu estado de tramitación.
Lexitimación para o tratamento.	Cumprimento dunha misión de interese público (LOE) e, de ser o caso, consentimento da persoa interesada. https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos
Destinatarios/as dos datos.	As empresas, cando corresponda, e unicamente para facilitarlles a información que sexa estritamente necesaria para o desenvolvemento da actividade solicitada nas súas instalacións.
Exercicio de dereitos.	As persoas interesadas poderán acceder aos seus datos, rectificalos e suprimilos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou en calquera das oficinas de Rexistro e Información propias da Xunta de Galicia, segundo se recolle en: https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos
Contacto delegado de protección de datos e información adicional.	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Nota: en cumprimento do establecido na Lei orgánica 03/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dos dereitos dixitais, e do previsto no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, infórmase de que os datos que nos facilite mediante a formalización do presente formulario pasarán a formar parte dun arquivo propiedade do Servizo de Orientación Profesional e Relación con Empresas, da Subdirección Xeral de Formación Profesional, e de que se utilizarán exclusivamente para tramitar a súa solicitude e para lle enviar a información pertinente. Así mesmo, infórmase a vostede de que pode exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición a través de:
<https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>

Lin e estou de acordo con estas condicións

ANEXO II

- Nome da miniempresa
- Breve definición
- Obxectivos
- Fases
- Proxecto de orzamento
- Selección dos participantes
- Organigrama
- Avaliación
- Participación da comunidade educativa
- Difusión do proxecto

ANEXO III

1.- Presentación da miniempresa

- Nome da empresa
- Forma xurídica
- Data de constitución
- Sector da actividade
- Breve resumo

2.- Actividades realizadas

- Organización e desenvolvemento

3.-Resultados obtidos

- Relación dos resultados e valoración dos mesmos

4.- Xestión económica

5.-Conclusións